

# EBRI KNIGHT

## Guerrilla

FOLK-ROCK

### ARTISTA/BANDA

Ebri Knight vén do Maresme, unha comarca onde o mar e a montaña se unen a medio camiño entre a Selva e Barcelona. Desde o principio arráiganse ás melodías que saían do pobo catalán, aos instrumentos tradicionais e ás voces populares que soaron desde hai séculos polas rúas da Cataluña folclórica.

Beben da tradición para reinventala no seu espectáculo, para levar con toda a enerxía que poden unha música que está dacabalo entre a memoria e o proxecto, entre o pasado e o futuro, pero sempre cos pés postos ao presente.

Porque aquilo que é popular non pode deixar de ser enérxico e o folk ten toda a forza do pobo que ten detrás e de todo aquel que quere cambiar o mundo.

É por iso que facemos a música que facemos.

### O ESPECTÁCULO

No 2018 presentan o seu 4º disco *Guerrilla*, tras 3 discos ás súas costas, *Foc!* (2015), *La palla va cara* (2013) e *Tonades de fa temps* (2011), Ebri Knight definen o seu estilo como folk-rock hooligan en catalá, e o que fan é recoller toda a esencia da música tradicional e popular, cunha gra carga revolucionaria, e traérnola ao presente con toda a enerxía do rock.

★ Novo disco 2018!



### FICHA ARTÍSTICA

Víctor Launes: fruta travesera, whistles e voces

Toni Josep Corrales: violín

Arnau Aymerich: voz, guitarra acústica e mandolina

Jordi Julià: guitarra eléctrica

Adrià Díaz: batería e voces

Albert Avilés: baixo eléctrico e voces

Marc Bòria: técnico de son

Duración: 75 minutos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)